

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 08 de xaneiro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día oito de xaneiro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora xeral acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(3).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS Á XESTIÓN DO PADRÓN DE IVTM, PADRÓN DE LIXO COMERCIAL E VADOS (EUI). EXPTE. 2177/500.**

Dáse conta do informe-proposta do 14/12/15, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

*“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

Primeiro: .- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “para a contratación dos servizos complementarios á xestión do padrón de IVTM, padrón de lixo comercial e vados(EUI). (expediente 2177-500)” no seguinte orde decrecente:

	Puntos criterios xuízo valor	Puntos criterios fórmula	Total
Unión de Profesionales, S.L:	27	70	97
Laya Gestión y Servicios, S.L.	19	10	29
Servicios de Colaboración Integral, S.L:	16,5	3	19,5

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, **Unión de Profesionales, S.L.** para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

*Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 665 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **2(4).- PAGAMENTO POR ASISTENCIA DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERÍODO DE SETEMBRO A DECEMBRO 2015. EXPTE. 17576/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/12/15 e o informe de fiscalización do 30/12/15, dáse conta do informe-proposta do 21/12/15, do técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

*“Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei*

*Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a “promoción da conservación e renovación das instalacións escolares”.*

*En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria (Expte 16802/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.*

*O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”*

*Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.*

*Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.*

*Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 01 de setembro ate o 15 de decembro dos correntes, elévanse á cantidade de 72 consellos escolares.*

*Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.*

*Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronoloxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.*

*Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:*

“Aproba-la cantidade de 2.763,18.-€ (DOUS MIL SETECENTOS SESENTA E TRES CON DEZAOITO EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo setembro a decembro de 2015, con cargo á Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

- Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2  
(15/09/2015 - 27/10/15) ..... 5 X 39,78.-€ ..... 198,9.-€
- Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1  
(01/09/2015 - 14/12/2015) ..... 7 X 36,72.-€ ..... 257,04.-€
- Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1  
(03/09/2015 - 10/12/2015) ..... 10 X 39,78.-€ ..... 397,8.-€
- Zona 5.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C, GRUPO A2  
(13/10/2015 - 01/12/2015) ..... 6 X 39,78.-€ ..... 238,68.-€
- Zona 6.- FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K, GRUPO C1  
(04/09/2015 - 24/11/2015) ..... 10 X 36,72.-€ ..... 367,2.-€
- Zona 7.- ROCIO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1  
(08/09/2015 - 20/10/15) ..... 6 X 36,72.-€ ..... 220,32.-€
- Zona 8.- MARIA JOSE FARALDO RIVAS, NIF: 36.056.377-J, GRUPO C2  
(02/09/2015 - 15/12/15) ..... 10 X 36,72.-€ ..... 367,2.-€
- Zona 9.- MARIA JESÚS SANROMÁN VARELA, NIF: 36.018.668-R, GRUPO A2  
(29/09/2015 - 10/11/2015) ..... 7 X 39,78.-€ ..... 278,46.-€
- Zona 10.- MARIA JOSE THOMAS BERBEN, NIF: 8.758.892-D, GRUPO A2  
(08/10/2015 - 13/10/2015) ..... 2 X 39,78.-€ ..... 79,56.-€
- Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: 33.297.554-V, GRUPO A2  
(02/10/2015 - 15/12/2015) ..... 5 X 39,78.-€ ..... 198,9.-€
- Zona 12.- DOLORES GONZALEZ ALONSO, NIF: 36.054.508-F, GRUPO A2  
(10/10/2015 - 04/12/2015) ..... 4 X 39,78.-€ ..... 159,12.-€

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(5).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE COLECTORES E PAPELEIRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5856/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/12/15, dáse conta do informe-proposta do 04/12/15, do xefe do servizo de Limpeza conformado polo asesor xurídico de área e conformado polo concelleiro-delegado da área de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda en datas 10 e 11/12/15, respectivamente, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

1.D. Carlos Callejo García, en nome e representación da empresa Contenur España S.L., presentou o 27 de outubro do 2015 un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, con número de documento 150136755, no que solicitaba a 13ª revisión ordinaria do pre-

zo do contrato polo servizo de "instalación, limpeza e mantemento de colectores e pa-peleiras dentro de termo municipal de Vigo".

- 2.A anterior revisión ordinaria do prezo do contrato (12ª dende o inicio) aprobouse en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de novembro do 2014. Esta revisión do prezo fíxose efectiva para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2014 e o 30 de setembro de 2015 por un importe de 3.044.797,45€/ano (IVE do 10% engadido).
- 3.A revisión solicitada actualmente, unha vez aprobada polo organo de Contratación, suporá un novo prezo anual do contrato con efectos dende o 1 de outubro do 2015 ata o 30 de setembro do 2016.
- 4.A unión temporal de empresas Contenur (60%) e Otto Industrial (40%), foi adxudicataria do concurso por acordo plenario de 29 de xullo do 2002, asinando o contrato o 30 de setembro dese mesmo ano e iniciando a prestación do servizo o día 1 de outubro seguinte.
- 5.Posteriormente, en data 1 de xuño do 2009, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a cesión da participación da empresa Otto Industrial a favor de Contenur, polo que esta última é neste momento a adxudicatara única.
- 6.A variación interanual do IPC entre setembro de 2014 e setembro de 2015, que corresponde co período de cálculo para a revisión solicitada, foi do 0,9% negativo segundo á información oficial publicada polo Instituto Nacional de Estatística.
- 7.Neste contexto de subida de prezos negativa, o importe do contrato da concesionaria deberá reducirse consecuentemente.

#### Fundamentación xurídica:

A revisión ordinaria do prezo, solicitada pola empresa concesionaria, está prevista na cláusula VI do vixente prego de prescricións administrativas particulares que regula este contrato, na que se establece expresamente que:

- A revisión Ordinaria do prezo do contrato terá carácter anual.
- A dita revisión Ordinaria efectuarase conforme ás variacións que experimente o IPC (Índice de Prezos ao Consumo no conxunto Nacional), en cada período anual contractual, a partir da data que proceda segundo o precepto citado.

#### Cálculo da revisión do prezo do contrato:

- O importe actual do prezo do contrato é: 3.044.797,45€/ano, IVE 10% engadido.
- O IVE soportado por esta administración é:276.799,77€/ano.
  
- Importe actual do prezo do contrato sen IVE: 2.767.997,68€
- Importe do prezo do contrato actualizado (IPC -0,9%): 2.743.085,70€
- O importe anual actualizado incluído o IVE 10%: **3.017.394,27€**
- IVE a soportar por esta administración: 274.308,77€/ano.
  
- Importe da actualización (01/10/2015 a 30/09/2016): -27.403,18€
- Importe da actualización imputable ao exercizo 2015 (01/10/2015 a 31/12/2015): -6.850,79€
- Importe da actualización imputable ao exercizo 2016 (01/01/2016 a 30/09/2016): -20.552,38€

### Atrasos

A empresa deberá descontar da factura emitida despois da notificación deste acordo, o importe que resulte de multiplicar os meses facturados entre outubro do ano 2015 e ese momento a razón de 2.283,60€/mes.

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte

### ACORDO

Aprobar a 13ª revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo, cuxa concesionaria é a empresa CONTENUR, S.L., fixando o mesmo, a partir do 1/10/2015 ata o 30/09/2016 en **3.017.394,27€/ano**, IVE 10% engadido, o que supón un aforro global de 27.403,18€/ano respecto do prezo actual.”

### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(6).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO DE 2015. EXPTE. 2055/334.**

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, a técnica do Servizo de Normalización Lingüística con data 29/12/15, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de decembro de 2015.

<i>Expediente</i>	<i>2010-334. Agasallo para centros de ensino e asociacións do libro Aliterarte</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 17 de decembro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 89713</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Mundo Detrás do Marco, S.L. (Editorial Elvira)</i>
<i>Importe</i>	<i>4.784,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>2018-334. A música das árbores programa para dinamizar a lingua de noso dun xeito lúdico e didáctico</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 11 de decembro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 83684</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Servando Barreiro Fernández</i>
<i>Importe</i>	<i>2.400,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>2019-334. 15 obradoiro de dobraxe dirixidos a nenos e nenas entre 8 e 12 anos</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 14 de decembro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 83707</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Manuel Pombal Pérez (FMEC producións)</i>
<i>Importe</i>	<i>6.500,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>2023-334. Unidades didácticas Historias para coñecermos Vigo, que desenvolverán contidos dinamizadores da lingua galega a través de accións tanto na aula como fóra desta</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 14 de decembro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 83997 e RCFUT 87278</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Asociación Cultural Catropatacos</i>
<i>Importe</i>	<i>3.160,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>2035-334. Dípticos informativos para dar a coñecer o labor do SNL e CIOV</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 18 de decembro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 86034</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Tórculo</i>
<i>Importe</i>	<i>6.000,00 euros</i>

A Xunta de Goberno Local queda informada.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **5(7).- RENUNCIA DO ADXUDICATARIO AO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENXERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO. EXPTE. 15696/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 08/01/2016, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

#### *"NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (PCAP).*

#### *ANTECEDENTES*

*En data 8 de xaneiro de 2016, D. Emilio Rousaud Parés, en nome e representación de FACTOR ENERGIA, S.A., empresa adxudicatária do procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as instalacións e dependencias do Concello de Vigo, presenta escrito manifestando a súa renuncia a formalización do contrato, por canto resultalle imposible o seu cumprimento a causa de que a súa oferta non incluía as tarifas de peaxe e acceso, tal e como fixo constar expresamente na mesma, en base ó disposto na tradución ó castelán do prego de cláusulas administrativas particulares que figura no perfil do contratante. Solicita, así mesmo, a devolución da garantía definitiva e do importe aboado en concepto de anuncios de licitación.*

*É preciso comezar realizando unha relación fáctica por orde cronolóxico dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:*

*Primeiro.- En data 10 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar os pregos de Prescricións Técnicas (PPT) e de Condicións Administrativas Particulares (PCAP) para a Contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión, para as distintas dependencias e instalacións electromecánicas do Concello de Vigo, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista.*

*O procedemento foi anunciado no perfil do contratante en data 7 de agosto e publicáronse anuncios nos seguintes diarios oficiais:*

- *No Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) en data 13 de agosto de 2015.*
- *No Diario Oficial de Galicia (DOG) en data 17 de agosto de 2015.*
- *No Boletín Oficial do Estado (BOE) en data 20 de agosto de 2015.*

*Segundo.- En data 13 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou unha corrección de erros do PCAP, consistente en "Rectificar o apartado f) do punto 3 do do Anexo I "FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC)" do prego de cláusulas*



administrativas Particulares (PCAP) para a Contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión, para as distintas dependencias e instalacións electromecánicas do Concello de Vigo, no apartado que escomeza por Taboa 2..... deberá eliminarse o parágrafo que di “A tarifas de peaxe e acceso regulamentariamente establecidas, así como as súas modificacións si se produciran”.

Como consecuencia desta corrección de erros modificouse o prazo previsto inicialmente para a presentación de ofertas, comezándose de novo o cómputo dende a publicación do anuncio relativo á corrección de erros no DOUE.

Terceiro.- A corrección de erros publicouse no perfil do contratante en data 25 de agosto de 2015, e anunciouse nos seguintes diarios oficiais:

- No Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) en data 29 de agosto de 2015.
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) en data 7 de outubro de 2015.
- No Diario Oficial de Galicia (DOG) en data 8 de outubro de 2015.
- No Boletín Oficial do Estado (BOE) en data 15 de outubro de 2015.

Cuarto.- En data 20 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou:

“Primeiro:- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444)” no seguinte orde decrecente:

	Puntuación Máxima	Baixa única	Puntos totais
FACTOR ENERGÍA , S.A.	100,00 puntos	12,50%	100
GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	100,00 puntos	8,80%	88,58
IBERDOLA CLIENTES, S.A.U.	100,00 puntos	7,46%	84,44
ENDESA ENERGIA, S.A.U.	100,00 puntos	1,79%	23,79

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FACTOR ENERGÍA , S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRL-CSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.469,42 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Quinto.- En data 11 de decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou:

*“Adxudicar a FACTOR ENERGÍA, S.A., o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (expediente 15696-444), por un prezo de 4.200.008,95 euros, e unha baixa única do 12,5% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na taboa 2 do apartado 3.F dos pregos.*

Sexto.- En data 30 de decembro de 2015, D. Emilio Rousaud Parés, en nome e representación de FACTOR ENERGIA, S.A., solicita que se modifique el contrato de subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as instalacións e dependencias do Concello de Vigo ós efectos de acomodalo ao prego de cláusulas administrativas particulares publicado en castelán no perfil do contratante en data 3 de setembro de 2015.

Sétimo.- En data 4 de xaneiro de 2016, a Xunta de Goberno Local, en resposta ó escrito citado no antecedente anterior, acordou:

*“1º.- Desestimar a solicitude de modificación do contrato de subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as instalacións e dependencias do Concello de Vigo, formulada por D. Emilio Rousaud Parés, en nome e representación de FACTOR ENERGIA, S.A., mediante escrito de data 30 de decembro de 2015.*

*2º.- Requerir a FACTOR ENERGIA, S.A., que proceda a formalización do contrato no prazo dun día a contar dende o seguinte á notificación do presente acordo, advertíndolle de que en caso contrario, entenderase que renuncia a formalización do mesmo.*

*3º.- De non formalizarse o contrato na data prevista, o servizo de contratación deberá requirir a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP ó seguinte licitador clasificado no procedemento de referencia”.*

Este acordo foille notificado ó interesado en data 7 de xaneiro de 2016.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Compre analizar en primeiro lugar a natureza e determinar o réxime xurídico aplicable ó contrato que nos ocupa.

Segundo o apartado 2.A da folla de especificacións do contrato do PCAP (en adiante FEC) o seu obxecto é “subministro de enerxía eléctrica en baixa e media tensión para as distintas instalacións e dependencias de titularidade do Concello de Vigo”. Trátase dun contrato administrativo típico de subministración (artigo 19.1 TRLCSP), que se rexe polo TRLCSP, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado (artigo 19.2 TRLCSP).

Segundo.- O licitador renuncia a formalización do contrato porque lle resulta imposible o seu cumprimento a causa de que a súa oferta non incluía as tarifas de peaxe e acceso. Esta circunstancia a fixo constar expresamente na mesma. Sinala como orixe da confusión o feito de que a tradución ó castelán do prego de cláusulas administrativas particulares que figura no perfil do contratante excluía, no apartado 3.F da FEC, dos prezos máximos de referencia da enerxía por tarifa, entre outros conceptos, “as tarifas de peaxe e acceso regulamentariamente establecidas, así como as súas modificacións si se producirán”.

*Efectivamente, a redacción inicial do PCAP, por erro, excluía dos prezos máximos de subministración de enerxía as tarifas de peaxe e acceso. Detectado o erro, por acordo da XGL de 13 de agosto de 2015, rectificouse a redacción do PCAP. Como consecuencia desta corrección de erros modificouse o prazo previsto inicialmente para a presentación de ofertas, comezándose de novo o cómputo dende a publicación do anuncio relativo á corrección de erros no DOUE. Se ben colgouse este acordo no perfil do contratante e esta corrección de erros foi anunciada nos diarios oficiais (DOUE, BOE, DOG e BOP), o certo é que os pregos que figuraban no perfil do contratante, tanto en versión en galego como en castelán no incluían a corrección.*

*Tamén é certo que o licitador citou a circunstancia de que non entendía incluídos nos prezos máximos de referencia da enerxía por tarifa as tarifas de peaxe e acceso na súa oferta económica. Se ben, dado que no apartado primeiro da mesma aceptaba os pregos incondicionalmente, a Mesa de contratación tivo por no posta esta salvidade, pois en caso contrario procedería excluila da licitación.*

*A nosa lexislación contractual ó regular o suposto de non formalización dun contrato administrativo distingue segundo a mesma sexa imputable ó contratista ou a Administración contratante. No primeiro caso, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso tivese esixido. Se as causas da non formalización foren imputables á Administración, esta deberá indemnizar ao contratista os danos e prexuízos que a demora puidéselle ocasionar.*

*No caso que nos ocupa, á vista das circunstancias expostas, e tendo en conta, que non apreciase mala fe no licitador, nin causáronse danos e prexuízos a esta Administración por mor da falla de formalización do contrato, a xuízo da informante, non procedería decretar a incautación de garantía definitiva.*

*En consecuencia, propón que se acepte a renuncia formulada polo licitador e se proceda a cancelar o aval depositado en concepto de garantía definitiva así como a devolverlle o custe dos anuncios.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Aceptar a renuncia a formalización do contrato de subministración o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (expediente 15696-444), manifestada en escrito de data 7 de xaneiro de 2014 por D. Emilio Rousaud Parés, en nome e representación de FACTOR ENERGIA, S.A., empresa adxudicataria do citado contrato por resolución da Xunta de Goberno Local de data 11 de decembro de 2015.*

*2º.- Devolver a FACTOR ENERGIA, S.A., 1.469,42 euros aboados en concepto de custe dos anuncios de licitación.*

3º.- Unha vez adoptado este acordo, procederase de oficio a cancelación do aval constituído por Bankia a favor de FACTOR ENERGIA, S.A., por importe de 173.544, 09 euros depositado na Tesourería municipal en concepto de garantía definitiva para responder da execución do citado contrato.

4º.- O servizo de contratación deberá requirir a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP ó seguinte licitador clasificado no procedemento de referencia.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

#### **6(8).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.